



Quintá - A Grade (San Vicente) - Chantada, 1978

Informante: Concha Casal Eiriz “Concha do Casal”

Compilador: Miguel López Coira

Autores da recolla: Miguel López Coira e Xosé Figueroa

Transcrición: Paula González e Isabel Vigo

Xan Quintán quere casar
non ten a muller buscada
foille facer o amor
á filla da tía Xoana.

“Boas noites tía Xoana
onde lle vai a rapaza?”
“Vai buscar o gas pra noite
xa me parece que tarda.”

E dalí a unha miguíña
entrou pola porta pra dentro.
“Boas noites Xan Quintán
traíote no pensamento.”

“E ti diralo de risas
mais eu dígocho de veras
xa fai un rato que estou
aquí quentando as canelas.”

“E logo tes moito frío
ai nunca Dios mal me dera
logo querraste casar
agora na primavera.”

“E logo a ti quen cho dixo
ou díxocho Noso Señor
eu quería casar
e veño facerche o amor,

eu sonche solíño solo
e non teño con quen partir
eu riquezas non as teño
pero habemos de vivir.

Teño unha cabra moi boa
e tres ovellas preñadas
i unha galiña que pon
os oviños pras torradas.



A cabra éche moi boa
que trouxo catro cabirtos
mentras dous están mamando
outros dous andan a brincos.”

“Eu casar ben me casaba
pero heiche de contar
quero facer unha saia
e teño a lá por fiar,

os zapatos todos rotos
o pano todo furado
se tes cartos cómprame outro
e casámonos de contado.”

Fixéronse as municións
como uso acostumbrado.
Leváronse ó señor cura
que as lese de contado.

E o cura leunas logo
no ofertorio da misa
e a xente que as oía
a todos lles dou risa.

Á nena doulle vergonza
(?)
e cando se iba casar
dixo que non o quería.

Xan Quintán quedou tan teso
como as velas do canizo
e deu volta pra súa casa
nin siquera adiós lles dixo.

O padriño i a madriña,
o cura e o sancristán
todos se quedaron ciegos
cos feitos de Xan Quintán.

Eí vos vai miña rapaza
se esta sola non vos tumba
non vos queirades casar
con velliños da carrumba.